Cofinanciado por la Unión Europea
ATHENA
HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA REALIZAR ESTADÍAS CON FINS DE FORMACIÓN (*Staff Mobility for Training* - STT) NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 DURANTE O CURSO 2026-27, 2ª FASE, DESTINADAS AO PTXAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO E AO PERSOAL CON RELACIÓN CONTRACTUAL COA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SERVIZOS, ÁREAS OU OFICINAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O 7 de maio de 2026 publicouse a convocatoria de axudas para realizar estadías con fins de formación no marco do programa Erasmus+ KA131 durante o curso 2026-27, destinadas ao PTXAS da Universidade de Vigo e ao persoal con relación contractual nos servizos, áreas ou oficinas da Universidade de Vigo

Rematado o prazo de presentación de solicitudes da segunda fase previsto nesta convocatoria para realizar estadías de formación no segundo cuadrimestre do curso 2026-27, e logo de examinalas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de **solicitudes admitidas a trámite** no anexo I.
2. Publicar a listaxe provisoria de **solicitudes excluídas** coa causa de exclusión no anexo II.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (https://sede.uvigo.gal*)* mediante instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI). De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Este prazo é só para emendar as causas de exclusión das solicitudes. En ningún caso se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas coa mención da causa de exclusión.

Vigo, na data de sinatura electrónica
A reitora
Por delegación R.R. 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)
A vicerreitora de Estudantes e Vida universitaria

Mª Dolores González Álvarez